

+ IMA XI NAR

CAMPAMENTOS FORUM E ÁGORA 2024

Aberta a
preinscrición
do 20 ao 22
de maio



Máis información en
coruna.gal/campamentos2024

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS FÓRUM E ÁGORA 2024

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e os nenos nadas/os entre o 1/1/2012 e o 31/12/2020

Reservarase unha porcentaxe de prazas de cada quenda (adxudicadas segundo o número do sorteo) para solicitantes con diversidade funcional nun grao que lles permita participar nas actividades co grupo. Nestes casos, non se acometerán tarefas que requiran función médicas ou hixiénico-sanitarias.

CALENDARIO

Preinscrición: 20,21 e 22 de maio.

Online a través da web www.coruna.gal/campamentos2024 ou www.coruna.gal/cultura

*Pódense solicitar todas as quendas que se desexen en ambos centros e débese facer por orde de preferencia.

**Unha vez que se realice a inscrición recibirá no seu correo electrónico a resposta con todos os datos que apuntou. Comprobe que son correctos.

***Os irmáns deberán anotarse de forma correlativa. Se non é así, non se garante que estean xuntos.

****No caso de que haxa duplicidade nalgunha solicitude por realizala dúas persoas distintas ou a mesma para un mesmo menor terase en conta a realizada en último lugar.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:

31 de maio.

Reclamacións: 31 de maio e 3 de xuño.

Sorteo das prazas: 5 de xuño.

Publicación das listaxes de prazas adxudicadas e das listaxes de

agarda: 11 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2024 e coruna.gal/cultura e no servizo telefónico 010.

Inscrición e abono: do 11 ao 17 de xuño (ata ás 21.00 h) por transferencia bancaria.

Adxudicación de prazas ás listaxes de agarda: Para ocupar as prazas vacantes e as non aboadas, terán preferencia as persoas das listaxes de agarda que non obtivesen ningunha praza, respectando a orde de numeración do sorteo.

Contactarase telefónicamente coas persoas das listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico a diferentes horas. De non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calendario de chamadas telefónicas ás listaxes de agarda:

Primeira volta: os días 19 e 20 de xuño. Terán que aboar a cota os días 20 e 21 de xuño.

Segunda volta: o día 26 de xuño. Terán que aboar a cota os días 27 e 28 de xuño.

A partir do 1 de xullo, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral por orde de chegada, que se deberá inscribir na sede correspondente (nos horarios que se comunicarán) e aboalas no momento.

HORARIO

Xeral: de 10.00 a 14.00 h

*Coa posibilidade de ampliación horaria para desde as 8:30 ás 14:30 h

O último día de cada campamento faremos unha saída e chegaremos as 17.00 h, cada participante deberá traer a súa comida.

Estas datas serán os días: 5 e 19 de xullo, 2, 16 e 30 de agosto.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Fórum Metropolitano e Centro Sociocultural Ágora.

QUENDAS

1.ª Quenda: do 25 de xuño ao 5 de xullo.

(O luns 24 é festivo local).

2.ª Quenda: do 8 ao 19 de xullo.

3.ª Quenda: do 22 de xullo ao 2 de agosto.

(O 25 de xullo non haberá campamento).

4.ª Quenda: do 5 ao 16 de agosto.

(O 15 de agosto non haberá campamento).

5.ª Quenda: do 19 ao 30 de agosto.

TEMÁTICAS POR CENTRO E QUENDA

CENTRO ÁGORA

1.ª Quenda: "O Atlántico: o noso tesouro"

2.ª Quenda: "Camiño a París"

3.ª Quenda: "Escoitando a natureza"

4.ª Quenda: "'Baixo un manto de estrelas"

5.ª Quenda: "Os romanos na cidade"

FÓRUM METROPOLITANO

1.ª Quenda: "Os romanos na cidade"

2.ª Quenda: "Baixo un manto de estrelas"

3.ª Quenda: "Camiño a París"

4.ª Quenda: "'O Atlántico: o noso tesouro"

5.ª Quenda: "Escoitando a natureza"

TEMÁTICAS

O Atlántico: o noso tesouro

A posibilidade de coñecer e descubrir as historias do mar, os seres mitolóxicos que viven nel, as lendas e as distintas viaxes e aventuras que polo Atlántico son coñecidas o longo dos tempos.

Camiño a París

Cada catro anos o mundo fai unha pausa en todos os seus problemas para que o deporte axúdenos a lembrar todo o bo que levamos dentro e, sobre todo, que o máis importante non é gañar, senón participar. Non te perdas as nosas olimpíadas da diversión!

Escoitando a natureza

Todos/as temos cinco sentidos ben diferenciados que nos axudan a percibir o mundo que nos rodea. A través de todos eles, descubriremos que coidar e respetar o medio que nos rodea e imprescindible para seguir disfrutando do mesmo.

Baixo un manto de estrelas

O firmamento está sempre sobre nós. Pero... canto sabemos nós sobre o que pasa aí arriba? Grazas á astronomía poderemos distinguir unha estrela dun planeta, ver cometas, choivas de estrelas, explosións intergalácticas e moitos fenómenos máis.

Os romanos na cidade

A nosa cidade está envolta por lendas, mitos, contos... e gran parte deles son herdanza dos romanos. A través dun percorrido pola época romana coñeceremos algunhas destas historias e descubriremos as pegadas que os romanos deixaron na nosa cidade.

Nº PRAZAS

1.350 (grupos de 15)

COTA DE INSCRICIÓN

Só campamento: 35€

Con ampliación horaria: de 38 a 42,50€

Modalidade A: de 10.00 a 14.30 h = 38€

Modalidade B: de 9.00 a 14.00 h = 40€

Modalidade C: de 9.00 a 14.30 h = 42.50 €

Modalidade D: de 8.30 a 14.00 h = 42.50 €

Modalidade E: de 8.30 a 14.30 h = 45€

A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta **ES76 2080 0036 6230 4002 1977**

Enviarase o seu comprobante por correo electrónico a forumagora@serviplus.org xunto co nome da/o participante, a quenda, o centro e modalidade horaria correspondentes.

No caso de non se realizar o pagamento ou non mandar o comprobante bancario en ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

Se se desexa obter factura do pago deberá marcarse a casa correspondente ao realizar a solicitude, a factura emitirase o nome da persoa que faga a solicitude.

ENVÍO DA INFORMACIÓN PORMENORIZADA ÁS FAMILIAS

Non haberá reunións informativas presenciais, enviaranse por correo electrónico todas as indicacións e normas, así como o lugar específico ao que se deben dirixir en cada sede, o grupo de idade asignado, o/a educador/a e a persoa de referencia para consultar calquera dúbida o primeiro día de cada quenda. Esta información envíase uns días antes do comenzo do turno.

MÁIS INFORMACIÓN NAS WEBS:

WWW.CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024,

WWW.CORUNA.GAL/CULTURA E NO TELÉFONO 010.